

CCG
Formación
2008
2009

Centro Coreográfico Galego

Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC)

Consellería de Cultura e Deporte

Xunta de Galicia

Deseño e maquetación: Uqui ||||| Cebra

Depósito legal: C XXXX-2008



CCG
Formación
2008
2009





O Centro Coreográfico Galego creouse no 2006. É unha unidade de produción dependente de AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais) que nace co obxectivo de desenvolver a danza e as artes do movemento en Galicia. É centro de creación, produción, formación e investigación con diversas liñas de traballo enfocadas a impulsar a danza en Galicia. É un lugar que quere fomentar a interacción entre os artistas e o público achegando a arte á cidadanía dun xeito normalizado.

No referente á creación desenvolve tres programas orientados a fomentar e apoiar a creatividade dos artistas: un proxecto de produción propia, un programa de coproducións e un programa de residencias artísticas. Iniciou a súa actividade coa produción 'Vacuo', dirixida pola coreógrafa galega Maruxa Salas. Ademais, nesa primeira tempada coproduciu '30.000' coa compañía Pisando Ovos, e 'Arte a Escena' con Experimenta Danza, e apoiou dúas residencias artísticas: 'Arder nun Hotel' de Uxía P. Vaello e 'Arándara' con Mercé de Rande e Henrique Peón. Desenvolveu tamén un completo programa de formación dirixido tanto a profesionais como a público.



Na súa segunda tempada produciu o espectáculo 'Kiosco das almas perdidas', dirixido polo coreógrafo catalán Roberto Oliván, coproduciu 'Negro' con Daniel Abreu, 'Femenine' con Paulo Ribeiro e 'Tradición' de Nova Galega de Danza, e apoia oito residencias artísticas: 'Play' de Uxía P. Vaello e Borja Fernández, 'Casualidades... desencontros' de Antón Coucheiro, '90 dB' de Bárbara Bañuelos, 'La danza del Cisne' de Iker Gómez, 'Some Things Happen all at once' de Rosa Casado, 'Alicia en Grusia Proyect' de Estela Lloves e Tania Arias, 'Subidón, saldos de un bazar familiar' de Félix Fernández e 'Déixame Bostezar' de Maïtè Delafín.

O Centro Coreográfico Galego traballa na que será a súa terceira produción propia, unha versión libre de *Giselle*, dirixida por Cisco Aznar. Coincidindo coa xira desta produción realizaranse unha serie de actividades formativas paralelas nos lugares nos que se represente a peza, co fin de ofrecer ao público recursos para unha maior comprensión da danza contemporánea e, en concreto, do traballo do coreógrafo Cisco Aznar.

Ademais deste programa de apoio á creación, o Centro Coreográfico Galego desenvolve un forte programa de formación, dirixido tanto a público xeral como a profesionais das artes do movemento. O programa de formación completase coa oferta que se especifica a continuación e que, querendo cubrir os distintos ámbitos e facetas da danza, consta de cursos de danza contemporánea de técnica e repertorio, produción, etc. Este programa complétase coas clases regulares de ioga e pilates dirixidas a bailaríns e outros profesionais das artes do movemento que, a partir de mediados de outubro, se impartirán no Centro Coreográfico Galego, e coas clases abertas da nova produción do CCG 'Giseliña' de Cisco Aznar que se realizarán a partir do mes de decembro.*

* (máis información: Centro Coreográfico Galego.
Tel. 981 134 946 / www.centrocoreografico.org)



DE 12:00 A 14:00

DE 18:00 A 21:00

centro
DE LUNES A DOMINGO
correo gráfico

galego
LAS BOLZAS
PAQUETES Y NOCHES
DEBEN DEPOSITARSE
EN EL MOSTRADOR
DE LA ENTRADA

LA SEGURIDAD
EN EL EDIFICIO
SE MANTIENE LA
SEGURIDAD EN VIDEO
EN LAS SALAS

- 
- [11] **Taller de produción**
Montserrat Prat. Setembro de 2008
- [13] **Taller de danza contemporánea**
Gustavo Ramírez. Setembro de 2008
- [15] **'Flying low', taller de danza contemporánea**
David Zambrano. Outubro de 2008
- [17] **O Corpo Dinámico**
Peter Michael Dietz. Decembro de 2008
- [19] **Workshop de danza**
Adnré Braga. Xaneiro de 2009
- [21] **Danza Graham: técnica e repertorio**
Esther Eirás. Febreiro de 2009
- [23] **Os lugares do corpo**
Claudia Faci. Marzo de 2009
- [25] **Sesións de videodanza**
Gala Pujol / Asociación NU2's. Abril de 2009



Imparte
Montserrat Prat

Datas e horario
**Do 8 ao 12 de setembro de 2008,
de 10.00 h a 14.00 h**

Lugar
Arteria Noroeste Unha iniciativa
de SGAE / Fundación Autor (Santiago de Compostela)

Tipo de participantes
**Responsables de produción de proxectos
e profesionais das artes escénicas**

Nº de prazas **20**

Prezo **80 euros**

Taller de Producción



Este curso ten como obxectivo non só aprender a definir a proposta artística cumprindo un encargo dado, senón a organizarse como empresa, creando unha dirección de proxecto, equipo e responsabilidades, definindo ámbitos, valorando a capacidade de acción e reacción, o risco económico, a busca de socios e colaboradores puntuais...

Dende a redacción dos contratos até pagar as nóminas, organizar o servizo de limpeza, a realización de vestiario ou ter en conta os horarios e días de festa de cada colectivo a fin de optimizar e coordinar correctamente o tempo, os recursos económicos e humanos dos que dispoñemos. Unha completa visión de todo o que debemos ter en conta cando nos enfrontamos á produción dun proxecto.

Montserrat Prat é licenciada en Historia da Arte e experta en xestión cultural. Ten realizado producións dende o ano 86 con diferentes profesionais e organizacións como o Festival Grec de Barcelona ou o Centro Andaluz de Danza. Dende o ano 1990 ao 1996 foi xerente e produtora da compañía de danza contemporánea Metros dirixida por Ramón Oller. Entre 1996 e 1997 foi responsable do departamento de produción do Teatre Lliure de Barcelona e no ano 2004 incorpórase ao Conservatorio Superior de Danza de L'Institut del Teatre de Barcelona. Ademais é xerente e produtora da compañía Rararavis de Andrés Corchero e Rosa Muñoz de Barcelona.

Imparte
Gustavo Ramírez

Datas e horario
**Do 15 ao 19 e do 22 ao 26 de setembro
de 2008, de 10.00h a 14.30h**

Lugar
Centro Coreográfico Galego

Tipo de participantes
**Profesionais de danza
e estudantes de nivel medio-alto**

Nº de prazas **20**

Prezo **120 euros**

Taller de Danza Contemporánea



Este taller consta de tres partes diferenciadas, abarcando o traballo técnico de base, a práctica de repertorio e a creación ou composición. A primeira parte é unha clase técnica coa que afondar e potenciar a versatilidade do movemento do alumno e asimilar o corpo como instrumento de creación artística, atopando a propia personalidade.

Na segunda parte trabállase o repertorio, interpretando diferentes fragmentos coreográficos, asimilando a linguaxe específica da peza interpretada; afondando e potenciando a versatilidade do movemento do alumno.

A terceira parte do curso céntrase na composición, traballando pequenas secuencias coreográficas que sinteticen os coñecementos adquiridos, e a capacidade de relacionar estes coñecementos coa experiencia anterior de cada un, estimulando a creatividade e favorecendo a adaptación persoal da nova linguaxe.

Gustavo Ramírez traballou no Ballet Xove de Alacante, Cía. Roberto G. Alonso, Ballet Contemporáneo de Barcelona, Ballet da Comunidade de Madrid, Nederlands Dans Theater e Hubbard Street Dance Chicago.

Gañou, entre outros, o Premio de Coreografía Ricard Moragas de Barcelona con 'Fetos', primeiro premio Dom Perignon en Hamburgo con 'Un peso en la espalda' ou Mellor dirección coreográfica e mellor espectáculo de danza nos Premios das Artes Escénicas da Generalitat Valenciana xunto a Asun Noales polo espectáculo 'Sacra/Dicese'.

Foi coreógrafo invitado do Institut del Teatre con 'Fetos' e do Ground Hog Festival de Chicago cos monólogos '2 and 1 for mister b' dúo estreado en Cannes para 'Les Etoiles de Ballet 2000 Dance Festival' e o 'IX International Ballet Festival of Miami 2004'. Foi director artístico de Torrevieja Danza e os seus ballets forman parte do repertorio das compañías de danza máis relevantes do panorama actual. Desenvolveu tamén o seu traballo como docente na Universidade Miguel Hernández e no Conservatorio Superior de Valencia.

Imparte
David Zambrano

Datas e horario
**Do 6 ao 10 e do 13 ao 17 de
outubro de 2008, de 10.00h a 15.00h**

Lugar
Centro Coreográfico Galego

Tipo de participantes
**Bailaríns profesionais e
estudantes de nivel medio-alto**

Nº de prazas **20**

Prezo **120 euros**

'Flying low', taller de danza contemporánea



Fotografía: Anja Hitzberger



Este taller céntrase principalmente na relación do bailarín co chan. A clase utiliza patróns de movemento sinxelos que exercitan a respiración, a velocidade e a liberación de enerxía a través do corpo para conseguir activar a relación entre o centro e as articulacións, desprazándose cara dentro e cara fóra dende o chan coa maior eficacia ao manter unha posición centrada. Hai unha focalización na estrutura do esqueleto que axuda aos bailaríns a mellorar a percepción física e a estar alerta. A clase consta traballo en parellas e frases de movemento, que exploran as leis fundamentais da física: cohesión e expansión.

Ao crear composicións de movemento, David Zambrano céntrase na creación e no desenvolvemento de dinámicas de sistemas complexos para presentar o liderazgo baixo a forma dunha rede de grupo. Despois de formar parte desta rede de danza, o estudante aprenderá a conectar ao instante co seu medio ambiente e a ser máis espontáneo á hora de elixir as improvisacións como coreógrafo ou bailar o traballo doutros.

David Zambrano leva máis de 20 anos facendo danza. Na súa traxectoria tanto como creador como pedagogo visitou máis de 40 países, traballou con máis de 25.000 alumnos e actuou en centenas de actos públicos no mundo enteiro.

Nas súas pezas atópanse tanto coreografías fixas, coma improvisacións estruturadas, e mesmo pura improvisación.

Zambrano é creador de máis de 25 montaxes orixinais, e inventou a técnica de 'Flying Low', método de adestramento que imparte en diferentes lugares.

Nado en Venezuela, viviu 15 anos en Nova Iorque e actualmente reside en Amsterdam. Confía na arte como un intercambio cultural, desenvolvendo o proceso creativo nun mundo sen fronteiras. Zambrano considera a improvisación como unha arte e a coreografía como un vehículo para posteriormente desenvolver o seu traballo na improvisación.

Imparte

Peter Michael Dietz

(integrante da compañía Paulo Ribeiro)

Datas e horario

**Do 15 ao 19 de decembro de 2008,
de 10.00 h a 13.00h**

Lugar

Espacio aberto

(Rúa de San Pedro, 48, baixo. Santiago de Compostela)

Tipo de participantes

**Estudantes e profesionais da danza
e outras artes do movemento**

Nº de prazas **12**

Prezo **50 euros**

O Corpo Dinámico



Este workshop pretende enfocar dende o chan as conexións verticais. Tendo como base a fisicalidade, imos traballar as articulacións, músculos, tecidos, fluídos corporais, establecendo relacións co espazo, o timing dos movementos e clarificando as direccións do corpo, activando o corpo e a mente, a través da nosa presenza e vontade de continuar.

Xogamos co erro, aceptando o resultado dun aquí e un agora, inserido nun tempo e nun espazo. Imos traballar coa técnica 'Hands on' para ter un mellor noción de nós en relación a outros corpos.

Aceptamos que cada día é diferente tal como o noso corpo, que contén un movemento singular, improvisado, musical ou aprendido. Imos brincar, aprender e divertirnos até perdernos.

Peter Michael Dietz naceu en Copenhague (Dinamarca) en 1966. Traballa con Danza, Movemento e Espectáculo dende 1984. Actualmente traballa coa Compañía Paulo Ribeiro, Compañía Clara Andermatta e Jangada de Pedra con Aldara Bizarro.

É un dos formadores regulares do CEM – Centro em Movimento (Lisboa), do Foruma Dança (Lisboa), do Chapiô (Lisboa) e do Lugar Presente (Viseu), orientando igualmente accións puntuais na Escola Superior de Danza e no Conservatorio de Dança de Lisboa, ben como workshops en Portugal e no estranxeiro.

Imparte
André Braga

Datas e horario
Do 19 ao 23 de xaneiro de 2009

Lugar
Espazo por definir

Tipo de participantes
**Estudantes e profesionais da danza,
do circo e das artes do movemento**

Nº de prazas 20

Prezo 60 euros

Workshop de danza



Ao comezo da danza temos un tema, un universo de poemas e de imaxes. Despois ao longo do proceso creativo imponse a materia, o obxecto: unha cadeira, unha chaqueta.

O obxecto ten un modo particular de abordalo, igual que o corpo. O corpo que danza e presenta múltiples cuestións.

O corpo: centro, raíces, extremidades e puntos de fuga. O corpo do outro, o corpo como obxecto. O obxecto como corpo. A gravidade e a súa ausencia. As memorias do corpo. As memorias do obxecto. Xuntamos o espazo de representación e seguimos... o espazo como obxecto. O obxecto fai o espazo. O equilibrio do espazo...

Traballando sobre a exploración, a improvisación e a composición de movemento, procuraremos sistematizar un posible método de desenvolvemento da creación artística.

André Braga é licenciado en Deporte e Educación Física, completou a súa formación na Escola de Circo Annie Fratellini e realizou diversos cursos de danza, teatro e circo con Lidia Martinez, Phillippe Genty, Joana Providencia, Madalena Victorino, Josef Nadj, Sabine Seume, Ismael Ivo, Nikolaus Maria-Holz ou Mathurin Bolze entre outros. Realizou proxectos de formación nas escolas artísticas de Porto (ESMAE, ACE e Balletteatro) e talleres de creación transdisciplinar con mozos e nenos en distintas institucións.

É responsable da dirección artística de Circolando, un proxecto transdisciplinar que propón un teatro danzado, de imaxes, un teatro itinerante cunha forte difusión internacional. O traballo de Circolando foi visto en España, Francia, Italia, Bélxica, Holanda, Reino Unido, Alemaña, Austria, Eslovenia, Brasil, Corea do Sur e China, e premiado co Premio á Mellor produción nacional no Festival Imaginarius Sete Sóis Sete Lúas por Caixa Insólita (20019 e o Premio Teatro na Década por Giroflé (2003).

Imparte
Esther Eirás

Datas e horario
**7 e 8 de febreiro de 2009,
de 10.30h a 14.00h**

Lugar
Centro Coreográfico Galego

Tipo de participantes
**Bailaríns profesionais e estudantes
de nivel medio-alto**

Nº de prazas **20**

Prezo **25 euros**

Danza Graham, técnica e repertorio



Fotografía: Alberto Martínez

Neste curso traballaranse fisicamente os fundamentos da Técnica Graham; contracción e release do tronco, espirais, caídas, desprazamentos do centro do corpo, mediante rutinas de exercicios clásicos da técnica como son: rotación en cuarta posición, extensión da perna, exercicio en seis, contraccións laterais, caída en 10 tempos, etc.

O traballo técnico realízase no chan, no centro, en combinacións, caídas e diagonais coreográficas. Este curso complétase coa aprendizaxe dunha coreografía de Martha Graham e co estudo da composición e estrutura da obra.

Esther Eiras é diplomada en Fisioterapia pola Universidade de A Coruña. Realizou estudos de ballet, danza jazz, contemporáneo, flamenco, teatro e teatro musical no Conservatorio Superior de Danza de Madrid. Ampliou a súa formación con estudos de danza contemporánea e jazz nas escolas de Martha Graham, Alvin Ailey, Paul Taylor e Broadway Dance Center de Nova Iorque.

En 2006 e 2007 forma parte como bailarina do Martha Graham Ensemble baixo a dirección de Marnie Thomas e Virginie Mecene participando en 'Dark Meadow', 'Prelude to Action', 'Appalachian Spring', 'Night Journey' e 'Acts of Lights'.

En xullo de 2007 completa os seus estudos de técnica Graham de danza contemporánea no Martha Graham Dance Center de Nova Iorque. En decembro de 2007 completa os seus estudos de 'Administration for the Arts' na New York University. Actualmente imparte clases de danza Graham no Centro de Danza Amor de Dios en Madrid.

Imparte
Claudia Faci

Datas e horario
**Do 16 ao 20 e do 23 ao 28 de marzo
de 2008, de 11.00 h a 15.00 h**

Lugar
Centro Coreográfico Galego

Tipo de participantes
**Bailaríns profesionais, estudantes
de nivel medio-alto, actores.**

Nº de prazas **20**

Prezo **120 euros**

Os lugares do corpo



Este taller pretende ofrecer aos alumnos ferramentas de traballo que lles permitan participar da creación contemporánea. O taller estrutúrase arredor de dúas liñas de traballo, unha enfocada á creación na que se explicará a danza como feito teatral, a significación dos códigos, a creación contemporánea, a práctica e as distintas economías que conleva un feito teatral.

A outra liña de traballo está dedicada a traballar sobre o instrumento: tomando conciencia do personaxe, coñecendo as posibilidades expresivas e físicas do propio corpo, observando e coñecendo os propios recursos como intérprete para desenvolver as ferramentas propias.

Claudia Facci é bailarina, coreógrafa, actriz, docente e autora independente. Titulada polo Real Conservatorio Superior de Danza e formada como actriz no estudo de J.C. Corazza. No 1989 estrea as súas dúas primeiras obras como coreógrafa 'Si supieras' e 'La Noche' no Teatro Español de Madrid.

En 1994 recibe unha beca do Ministerio de Cultura para realizar estudos de postgrao no Laban Center de Londres. Como intérprete traballou en todo tipo de producións de danza e teatro así como nalgunhas de cine e televisión.

Foi profesora no Estudio María de Avila e impartiu cursos na Aula de Danza da U.A.H. En 2006 estrea 'Nur Für Dich' no festival Madrid en Danza, baixo o pseudónimo de Klara V. Himmer. A partir de entón Claudia céntrase na súa faceta de autora para ofrecer unha obra que supón unha persoa visión das artes escénicas con pezas que se nutren da súa experiencia no campo da danza, o teatro, a performance e a literatura. En abril de 2008 estrea 'Agnès', obra coa que comeza a súa traxectoria como escritora.

Conducido por
Gala Pujol, da Asociación NU2's

Datas e horario
25 de abril de 2009

Lugar
Fundación Luis Seoane

Tipo de participantes
Todos os públicos

Prezo Gratuito

Colabora Fundación Luis Seoane

FUNDACIÓN  LUIS SEOANE


Talleres participativos de interpretación da videodanza para todos os públicos





Este taller está pensado para achegar a danza a todos os públicos, fomentando o coñecemento das artes multidisciplinares. Con esta iniciativa pretendemos achegar as novas disciplinas e linguaxes de expresión contemporáneas da danza e da creación audiovisual.


Neste taller combínase a teoría coa práctica para conseguir unha atención continúa sen cansar aos participantes. A súa duración é de dúas horas cun intermedio dun cuarto de hora; a primeira parte consta dun visionado de vídeos e a continuación analízanse os mesmos.


Este taller está organizado por **NU2'S**, unha asociación sen ánimo de lucro con sede en Barcelona, dirixida por Núria Font e creada en 2005 para xestionar o proxecto Imatge, Dansa i Nous Mitjans / Videodansa. Este proxecto xerouse co obxectivo de dar continuidade ás actividades vinculadas á Mostra de Videodansa, manter e mellorar a axuda á produción, colaborar na difusión internacional, crear espazos de investigación e debate e programar obras de videodanza, exposicións e performances nas que dialoguen as diferentes linguaxes.




















Enviar currículo vitae e solicitude de matrícula ao correo electrónico:
documentacion.ccg@xunta.es

Unha vez que o Centro Coreográfico Galego lle confirme a súa praza no curso, deberá realizar o ingreso da matrícula en CAIXA GALICIA número de conta 2091.0388.95.3110002055, especificando o nome do curso e do solicitante.

Ademais é necesario enviar o xustificante de pago, fotocopia do DNI, e o documento que acredite o desconto* (fotocopia do carné de estudante, desempregado, carné xove ou xustificante de pertenza a calquera asociación profesional de danza) a:

Centro Coreográfico Galego
Polideportivo de Elviña
Avda. de Glasgow 11, 15008, A Coruña
Tel: 981 134 946 / Fax: 981 138 294
Correo electrónico: documentacion.ccg@xunta.es

* 25% de desconto para membros das asociacións profesionais da danza, parados, estudantes e carné xove. No curso de Produción que imparte Montserrat Prat o desconto aplicarase tamén aos socios da SGAE.

Signale se desexa recibir información do CCG:

Si ☐ Non ☐

NOTA: A orde de chegada de cada solicitude corresponderá co nº de rexistro da mesma.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL: Dacordo co punto 5.1 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, advirtese da existencia do ficheiro de datos 'Rexistro AGADIC', cuxa finalidade e destino correspóndese coa súa xestión. Así mesmo, infórmase da posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación dos devanditos datos, mediante escrito dirixido á Xerencia do AGADIC, sita na Rúa da Vesada, s/n, San Lázaro, CP: 15703 de Santiago de Compostela [A Coruña].

Solicitude de matrícula

Denominación do curso ou taller

Data

Solicitude nº

1º Apellido

2º Apellido

Nome

DNI/Pasaporte

Data e lugar de nacemento

Enderezo

Poboación

Provincia

Teléfonos

Correo electrónico

Profesión

SOLICITA:
Sexa admitida a súa inscrición ao curso arriba indicado,
previa presentación do currículo vitae.

Sinatura:

